

ENTREVISTA

“



Se alguén pretende
escribir en galego para
gañar diñeiro, mellor que
se dedique a outra cousa”



Antón Cortizas

É UN DOS ESCRITORES MÁIS PREMIADOS E TRADUCIDOS DE FERROL, PERO A PESAR DO SEU PRESTIXIO PARTICIPA DA INVISIBILIDADE DE QUEN COMO EL SE ADICAN AO MUNDO INFANTIL. ANTÓN CORTIZAS, MESTRE DE CANIDO, REFLEXIONA SOBRE A ESCRITA E A SÚA TRAXECTORIA LITERARIA

TEXTOS: David Dapena | FOTOS: Kiko Delgado

Aí. Os premios que lle dan a un escritor e as traducións a outras linguas reafirman o valor da súa obra?

AC. É algo que se agradece, un recoñecemento, pero eu son dos que pensa que as persoas temos que facer aquilo que sabemos e queremos facer, independentemente do recoñecemento. Creo que aínda que eu non publicase escribiría igual. Ademais, tanto recoñecemento hai nun premio como a alegría dun lector que te agradece o teu traballo. Un premio é unha fortuna, unha casualidade.

Aí. Que cres que supón internet para amosar a creatividade?

AC. Para a cultura Internet é marabilloso, ábreche un mundo. Así como para a globalización económica é nefasto, a globalización cultural é marabillosa. O feito de que unha persoa que nunca pensou en publicar poida poñelo en internet para que o lea quen queira, é extraordinario. Fai que haxa miles de escritores máis, persoas que amosan a súa creatividade e o seu pensamento.

Aí. E achega ao escritor cos seus lectores?

AC. Mira, o outro día chegoume de Arxentina un correo que me felicitaba pola miña escrita e a emoción que lle transmitía. A señora organizaba en Bos Aires un taller de lectura das colectividade foráneas no país, xente de moitos sitios, e un dos textos que elixiron foi dos meus.

Aí. A consideración da literatura infantil como un xénero menor vén de que non se valora o traballo que se fai para nenos?

AC. Hai una minusvaloración, iso é evidente. A literatura infantil é aquela que tamén poden ler os adultos. É un rexistro. Os nenos son os destinatarios do que publico, non do que escribo. Cando escribo non penso que o fago para eles, trato de facelo o mellor posible porque os cativos poden comprender máis do que nós pensamos, e a literatura debe coidar as frases, un vocabulario rico e unha trama ben feita.

Aí. Por que en Ferrol se dan tan ben os autores de literatura infantil, contigo están Antonio Yáñez, Ánxela Loureiro, o falecido Juan Farias...

AC. Ao mellor é casualidade, pero algún somos mestres e a proximidade cos nenos sempre condiciona e axuda. Pero no fondo eu considérome un adulto neno, gústame o mundo da infancia, gústame brincar, enredar e laporetar.

Aí. Que foi daquel proxecto do museo da fantasía para Ferrol?

AC. Foi unha pena porque creo que se ese proxecto se presentase noutra cidade tirarían para adiante con el, igual que o do museo do xogo popular e o xoguete tradicional. Sería facilísimo, pero nin caso. Existen cousas semellantes por Europa ou mesmo en España está o centro etnográfico relacionado co mundo do libro que fixo o etnógrafo Joaquín Díaz en Uruña, Valladolid.

aí

“Os nenos son os destinatarios do que publico, non do que escribo”



“En calquera outra cidade unha idea como a do Museo da Fantasía tería ido para adiante”



“Os nenos comprenden máis do que pensan os adultos”

Aí. Falando de etnografía, podería facerse en Ferrol un libro como “Ao pé da Laxa da Moa”?

AC. Si. No ano 80 eu estaba destinado en Carnota e, como exercicio escolar, pedínlle aos alumnos recoller nas casas o que souberan de literatura de tradición oral, cancións, refráns, contos, etc., para darlle valor. Foi tal a cantidade de material que trouxeron que me desbordou.

Aí. Pero tardaches 30 anos en publicalo.

AC. Si, e 25 o dos xogos populares (“Chirlosmirlos”). As cousas de palacio van despacio... Agora vai saír o libro sobre xoguetes tradicionais, que tamén me levou sete anos.

Aí. Douche moitas alegrías un libro como o dos xogos populares?

AC. É un libro pouco vendido pero moi utilizado, sobre todo por profesores de educación física.

Aí. Os libros pouco vendidos tamén poden ser gratificantes?

AC. E que se nós escribisemos en galego para gañar diñeiro non escribiríamos, dedicariámonos ao comercio ou a vender haxis... Só o tempo que leva facer o libro como o dos xogos populares por moito que se venda... non recuperarei nin a décima parte do tempo investido nel. O feito de poder publicar e escribir libros fixo que desde que existe a

Autonomía exista hoxe en Galicia unha literatura extraordinaria.

Antes contábanse cos dedos dunha man os libros publicados. Agora, ao haber bastante aínda que haxa cousas que non son boas tamén xorden libros excelentes. Canto máis publíquese mellores cousas saíran, por pura estatística, a campá de Gauss...

Aí. E falando de publicar, dis que xa está rematada a enciclopedia de xoguetes tradicionais?

AC. Si, despois de sete anos está rematada. Vaina publicar Edicións Xerais e esperemos que saia a finais deste 2011. Son dous tomos que saia a finais deste 2011. Son dous tomos con máis de 900 entradas e 2.000 fotografías a cor, vocabulario, anécdotas, etc. Están clasificados en 16 epígrafes (metal, madeira, etc.). Percorrín moitos museos etnográficos e tiveron axuda de moitos compañeiros de profesión.

Aí. E onde naceu a idea?

AC. Onde sempre, das miñas clases en Canido.

